

Bos días,

No presente correo mandamos información da iniciativa "**Miradas de Muller**" relativa a:

Información sobre a iniciativa. Día 31 de xaneiro de 16:00 a 20:00.

"Miradas de Muller" componse de 4 fases:

- As **xornadas de presentación** formadas por:
 - Presentación do proxecto e da plataforma "Miradas de muller" que se poñerá a disposición das usuarias. Tempo considerado: 45 minutos.
 - Sensibilización das usuarias a través dunha charla sobre motivación ao emprendemento no campo da fotografía dixital. Tempo considerado: 2 horas – 2 horas e media.
 - Caso de éxito: presentarase un referente en fotografía dixital para que expoña de primeira man as súas experiencias, así como as vantaxes e retos que implica profesionalizarse no mundo da fotografía. Os participantes dispoñerán dun tempo para as súas preguntas. Tempo considerado: 1 hora.
- A impartición nas aulas CeMIT de **cursos do catálogo de formación CeMIT** relacionados co mundo da fotografía dixital.
- A **inscrición das usuarias na plataforma web "Miradas de Muller"** (<http://www.miradasdemujer.com>) a través da cal poderán: acceder a pímulas informativas, obter resposta ás súas dúbidas mediante un titor, coñecer o traballo de referentes fotográficos, difundir os seus servizos nunha bolsa de traballo, etc.
- A participación nun **concurso fotográfico** a nivel nacional a través da plataforma: as usuarias concursarán cunha selección das súas obras que introducirán na plataforma. A data de inicio do concurso está estimada para o mes de abril e finalizará no último trimestre do ano. Na páxina web de CeMIT está dispoñible información sobre a iniciativa, así como unha guía rápida para inscribirse na mesma a través da web, na seguinte URL: <https://cemit.xunta.es/node/5161>

Podes darte de alta na páxina www.cemit.xunta.es ou no centro de FOREMDES do Concello de Pontedeume. Telf: 607537599. Destinado a mulleres. Nº de prazas: 11.